

Estimada Sra. Laura Sánchez Piñón, Conselleira de Educación.

A Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia, APETEGA, quere facer constar a súa rotunda desconformidade co borrador do Real Decreto de Ensinanzas Mínimas acordado entre o Ministerio de Educación e as Consellerías de Educación das Comunidades Autónomas, incluída a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, polo que lle facemos chegar as seguintes propostas de modificación:

1. As materias de Tecnoloxía e de Informática do cuarto curso son a continuación da Tecnoloxía da primeira parte da etapa. Polo tanto, de forma similar a como se fai coa área de Ciencias Naturais, estas tres materias deben considerarse como un área, área de Tecnoloxía, e deben ter unha introducción común.
2. Observamos que no borrador proposto desaparecen do currículo obrigatorio común para todo o alumnado os contidos relacionados coas tecnoloxías máis actuais e que pertencen ao entorno máis inmediato do alumnado (electrónica, tecnoloxías da comunicación, enerxías, máquinas térmicas, instalacións, tecnoloxía e sociedade, etc.). Todos eles son contidos referidos a tecnoloxías das que o alumnado debe recibir unha formación básica sobre o seu funcionamento, o seu uso e consecuencias, sen os cales o currículo queda obsoleto e afastado da realidade social e tecnolóxica actual. Reclamamos, por tanto, a recuperación destes contidos, que se deberían impartir, como até agora, no terceiro curso da ESO.
3. Para acadar a adquisición das capacidades e os obxectivos marcados no currículo, consideramos imprescindible a continuidade destas ensinanzas ao longo dos diferentes cursos da ESO que, como mínimo, deben impartirse en 2º, 3º e 4º
4. O currículo de Tecnoloxía do cuarto curso resulta excesivamente amplo e presenta un esaxerado nivel de concreción. A situación faise moi grave ao trasladar directamente a este curso contidos que actualmente se estaban a impartir en 3º de ESO. Outros contidos habería que empezar a impartilos dende cero, cando ata agora o alumnado xa os iniciaba en 3º e xa chegaba a 4º cuns coñecementos e destrezas básicas.
5. O currículo de Informática do cuarto curso debe ter unha orientación tecnolóxica. No borrador proposto faltan contidos específicos de informática, como a súa fundamentación, o tratamento de datos, programación, etc.
6. Por todo o anterior, para poder acadar os obxectivos do currículo e para que o alumnado adquira as competencias básicas marcadas nel, consideramos que a asignación horaria para a área de Tecnoloxía debe ser a seguinte:
 - A tecnoloxía nos tres primeiros cursos deberá impartirse en cursos sucesivos, 2º e 3º, con 7 horas semanais en total, como temos actualmente. A selección de cursos é fundamental para poder impartir un currículo actualizado.
 - As materias de Tecnoloxía e de Informática do 4º curso deben ter un mínimo de 3 horas semanais, como temos actualmente. Sería inviable a súa aplicación cun horario inferior a este.

Estas observacións están consensuadas no seno da nosa asociación, APETEGA, e en coordinación coas outras asociacións do profesorado de Tecnoloxía do resto de Comunidades Autónomas, PEAPT. Solicitamos que as achegas realizadas polo profesorado sexan tidas en conta, xa que somos nós as persoas encargadas de levar o currículo á práctica.

Estamos á súa disposición para aclarar estas cuestións e chegar a un acordo que conduza a unha mellora da educación dos nosos alumnos e alumnas.

28 de novembro de 2006.

Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia.